



1.- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)

O **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, terá lugar os días **30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2016** na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Este encontro temático está organizado pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) como continuación de dous encontros previos organizados polas dúas sociedades: o I Encontro Luso-Galaico de Biometría, que se celebrou en Braga (Portugal) do 14 ao 16 de xullo de 2013, e o I Encontro Luso-Galaico de Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía (EES2014), que se celebrou en Vila Real (Portugal) do 6 ao 8 de novembro de 2014.

O programa do encontro inclúe 4 sesións plenarias, 4 sesións invitadas, unha mesa redonda, e sesións de comunicacións orais e posters, ademáis de un minicurso sobre análise de supervivencia.

Datas importantes:

- Data límite de envío de resumos: 31 de marzo de 2016.
- Notificación da decisión: 20 de abril de 2016.
- Data límite de inscrición a prezo reducido: 30 de abril de 2016.

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

2.- Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística

Lembramos que a SGAPEIO e AGAPEMA organizan unha **Xornada de formación para elaborar proxectos de estatística**. Esta xornada, que da continuidade á xornada celebrada en novembro de 2014, está dirixida a profesores de ESO e Bacharelato e vaise impartir nunha única edición en Santiago de Compostela.

- Lugar: Facultade de Matemáticas, Santiago de Compostela.
- Datas: 14 de novembro de 2015.
- Horario: 9:30 - 14:00 e 15:30 - 19:30.

O programa detallado e o formulario de inscrición están na páxina web da SGAPEIO (www.sgapeio.es). O prazo de inscrición remata o 8 de novembro de 2015.

3.- Exposición de Estatística “Explorística”

Dende o día **29 de outubro** ata o día **14 de novembro** de 2015 estará dispoñible para a súa visita a exposición de estatística "Explorística" no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) en Santiago de Compostela (C/San Lázaro, 107). Esta exposición está concibida para ilustrar experimentalmente algúns conceptos da Estatística e de Probabilidades aos alumnos de ESO/Bacharelato. É unha iniciativa da Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE), coa que SGAPEIO colabora de xeito habitual, e Ciencia Viva. O obxectivo principal desta exposición é achegar ao profesorado ideas innovadoras de investigacións estatísticas sinxelas e amenas para levar á aula.

Esta actividade divulgativa está cofinanciada pola SGAPEIO, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través da Rede Inbioest: Novas ferramentas estatísticas e computacionais aplicadas a investigación en Saúde, Deporte e Medio Ambiente", así coma polo proxecto “Bioestadística para Vivir y cómo Vivir de la Estadística” da Fundación para a Ciencia e Tecnoloxía (FECYT) –Ministerio de Economía y Competitividad”

Os profesores interesados en visitar a exposición cos seus alumnos de ESO/Bacharelato deben enviar un correo a ana.bouzas@usc.es especificando o día e a hora no que lle interesa facer a visita. O resto das persoas interesadas poden visitar a exposición gratuitamente nos horarios de visita do MUPEGA: <http://www.edu.xunta.es/mupega/taxonomy/term/16>

Máis información: <http://www.exploristica.com>

4.-VIII Congreso Iberoamericano de Educación Matemática

Dende o 1 de outubro está aberto o prazo de inscrición e presentación de traballos para o VIII CIBEM (**Congreso Iberoamericano de Educación Matemática**), que se celebrará en Madrid do 10 ao 14 de xullo de 2017. Este congreso engloba tamén as XVIII JAEM.

O CIBEM é convocado pola FISEM (Federación Iberoamericana de Sociedades de Educación Matemática), correspondendo a organización desta oitava edición á FESPM e á Sociedade Madrileña de Profesores de Matemáticas "Emma Castellnuovo".

Máis información: <http://www.cibem.org/index.php/es/>

5.- II edición do concurso “Ciencia en Imaxe”

Está aberto o prazo de inscrición para participar na 2ª edición do Concurso de Fotografía "**A Ciencia en Imaxe**", organizado polas Facultades de Bioloxía, Ciencias, Física, Matemáticas, Química e pola Real Academia Galega de Ciencias con motivo do Día de San Albeiro Magno.

O Concurso está aberto a calquera tema relacionado coas Ciencias, a Investigación e a Divulgación Científica, e concede un premio de 300 €, e dous premios de 100 € cada un.

O prazo para inscribirse estenderase dende o 21 de outubro ata o día 9 de novembro de 2015.

Máis información:

<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/bioloxia/descargas/BasesConcursoFoto.pdf>

6.- Cursos da Universitat Autònoma de Barcelona

O Servei d'Estadística Aplicada da Universitat Autònoma de Barcelona organiza os seguintes cursos para os próximos meses:

- Curso de introdución ao sistema SAS® (Enterprise Guide - SAS System): 12, 13, 18 e 19 de novembro de 10:00 a 14:00 horas.
- Curso de técnicas estatísticas con SAS®: 23, 24, 25 e 26 de novembro de 10:00 a 14:00 horas.

Máis información: <http://sct.uab.cat/estadistica/>

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>